

CURSO DE IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO DO CIOV- Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo



Datas: (luns) 19, 26 de outubro; 2, 9, 16, 23, 30 de novembro; 14, 21 de decembro de 2020. O curso continuará os luns no ano 2021 ata maio

Horario: de 17:45 a 20:15

Lugar: Auditorio Mar de Vigo, 5ª planta (entrada pola porta da UNED-Avda. Beiramar, 59)

Inscrición: de balde na web do Servizo de Normalización *Lingüística cubrindo o formulario* <https://snl.vigo.org/inscripcion> (deben poñer no título da actividade: *improvisación en verso*)

A información sobre a protección de datos e da Covid-19 atópase na web snl.vigo.org

Obxectivos xerais:

- Dar a coñecer a poesía oral improvisada en verso
- Intentar espertar o interese pola práctica desta técnica
- Conseguir ao remate deste curso que o alumnado sexa quen de improvisar en verso
- Aumentar as nosas competencias persoais no fomento das actitudes para a improvisación, da actitude creativa, do desenvolvemento da memoria
- Aumentar as competencias lingüísticas e escénicas na expresión oral e na dimensión lúdica da lingua
- Aumentar a competencia musical
- Vincular o alumnado co noso patrimonio cultural, tomar conciencia deste legado e da necesidade de recuperalo, valoralo e transmitilo